

C-9

Fóra de tempo

Ola! Son a axente M-2314. Probablemente escoitaches moitas historias sobre isto pero... é verdade. Son unha viaxante do futuro, do ano 2973, cando a Terra xa non é habitable e as poboacións subsisten a base dunha imitación da ausente auga de orixe química e algo parecido ao papel mollado. Nós, as xeracións post-quecemento non sabemos como saben as patacas, as froitas, a carne, nados xa comendo o que mencionei antes, chamado "hurricux".

Cal é a nosa misión? Ben, somos grupos encubertos, nunca de máis de trinta persoas. Viaxamos a anos sinalados, determinantes nesta loita. O noso propósito é parar o cambio climático, xa dende os inicios deste, para que os nosos fillos e os vosos descendentes non vivan coma nós, cun casco na cabeza polo deterioro do osíxeno respirable.

Vós, habitantes do 2019, non o sabedes, pero os grandes líderes mundiais son os culpables e non polo que pensades. Uns cantos anos despois haberá unha mobilización masiva na que participará o noventa por cento da poboación mundial. As persoas máis poderosas do planeta son uns extraterrestres chamados Destrutores, que son os que poden cambiar de forma e todo iso que representades nas películas. Foron os impulsores da revolución industrial, a electrónica e os grandes avances tecnolóxicos que á vez contaminaban e deterioran o noso planeta. A Terra, na súa época (sobre o ano 2700), supoñía para eles un rival directo en canto a progreso e víanse ameazados por eles indirectamente a pesar de que todo estaba na súa cabeza. Eles vían un planeta perfectamente coidado, persoas en harmonía coa natureza. Viaxaron ao pasado para facer que os grandes cambios para a humanidade fosen o máis contaminantes posible. A nosa intervención é fundamental, camuflados na sociedade, pero necesitamos que vos levantedes e loitedes con nós!

A gravación rematou. Os que estabamos naquela lúgubre estancia enmudecéramos. Ano 2153. A pesar de todos os sinais discretos que os viaxantes nos deixaran, ninguén fixo ou quixo facer nada. Unha sensación horrorosa invadiu o meu corpo. Estabamos a matar o noso órgano vital, a base dos nosos asentamentos, o noso fogar. Sentín aquel cruel remordemento que sentes cando fas algo e bótaslle a culpa a alguén. Esborralleime no chan coma torre caendo, desfeita e sen pensamentos cun mínimo positivismo comecei a chorar. Vivimos nun sistema capitalista no que o primeiro é o diñeiro e non o que de verdade importa. Mágoa non poder volver, impedir as batallas, os enfrontamentos, a chegada ao poder deses parvos. Agora unha ira profunda colorou o meu corpo do vermello máis intenso que ninguén vira. Víase vir, por que nos fixestes isto, habitantes do 2019? Estaba nas vosas mans e agora non hai opcións de volver ata séculos máis tarde... Xa non hai animais, as plantas escasean, coma os días de choiva, que, polo visto, estaban contados xa que viña ese gran quecemento ao que se referían.

Espero conservar isto que agora escribo para que, se algún día hai algunha opción de volver, sexa entregada aos habitantes do 2019. Despídome. É a última folla que conservamos no centro, e das poucas que quedan no planeta.